
Prego de Prescricións Técnicas para a Contratación por Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. dun Servizo de Oficina Técnica para a posta en marcha, xestión, seguimento e control do primeiro programa do Centro de Excelencia para Impulso do Crecemento sustentable da Peme Innovadora Galega: Agrobiotech Innovación



Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.

1. Táboa de Contidos

1. Táboa de Contidos	2
2. Introducción	3
3. Descrición do Servizo	5
3.1. Actividades e tarefas asociadas ao servizo.....	5
3.1.1. Xestión das actividades do Programa do Centro de Excelencia da Peme Innovadora Galega.....	5
3.1.2. Seguimento e Control das actividades asociadas ao Centro de Excelencia da PEME innovadora Galega e ao Programa de aceleración global	6
3.1.3. Web do Centro de Excelencia da Peme Innovadora Galega para a súa Aceleración global	7
3.1.4. Servizo de Avaliación e Mellora Continua.....	7
3.1.5. Asesoramento na identificación de oportunidades de mellora dos servizos prestados e captación de recursos para a sustentabilidade do Centro de Excelencia da Peme innovadora galega e futuros Programas.....	8
4. Relación de entregables durante a prestación do servizo	9
5. Planificación, dirección e seguimento da prestación de servizos	9
6. Requisitos	10
7. Medios humanos e técnicos.....	10
7.1. Perfil director do Proxecto.....	11
7.2. Perfil Equipo de traballo.....	11

2. Introducción

O Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. (en diante PTG, S.A.) é a entidade responsable de xestionar un conxunto de infraestruturas, espazos, recursos, capacidades e servizos destinados a empresas, emprendedores e proxectos que utilizan como ferramentas de crecemento a innovación e o coñecemento. Ademais PTG, S.A. mantén vínculos activos de colaboración con Universidades, Centros de Investigación e Empresas co obxectivo de fomentar as actividades de I+D+i e o desenvolvemento e a competitividade empresarial.

Neste sentido, a PTG, S.A. achega unha dilatada experiencia dende a súa constitución no ano 1991, para desenvolver actividades que contribúan á promoción económica e ao desenvolvemento tecnolóxico de Galicia. O seu obxecto social contempla o papel como axente dinamizador da I+D+i en toda Galicia e concretamente atribúenselle estas capacidades:

- Prestar á Xunta de Galicia e aos organismos ou entidades dependentes, a colaboración e asistencia técnica necesaria para levar a cabo as medidas contidas no Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento ou calquera outro plan.
- Fomentar a creación de empresas, o crecemento e a internacionalización, así como difundir o papel do Parque como axente de enlace entre investigación e empresa.
- A prestación de servizos e a realización de actividades que contribúan á promoción económica, á innovación, ao desenvolvemento tecnolóxico e á creación de emprego en Galicia.

O Plan Galego de Innovación I2C identifica o crecemento empresarial como un dos principais retos da economía galega e a innovación, como a panca fundamental para incentivar ese crecemento. Nese sentido o plan de investigación e innovación fai especial fincapé en orientar as súas directrices a lograr ese resultado: Aumentar a competitividade das empresas galegas que utilizan a innovación para crecer nun mercado cada vez máis global. E presta especial atención aos programas capaces de acelerar ese crecemento en sectores especialmente estratéxicos onde Galicia posúe unha potencialidade contrastada.

Ademais de impulsar o crecemento empresarial como un dos seus eixes estratéxicos e de abordar nas súas liñas de actuación programas sectoriais dirixidos a fortalecer e desenvolver áreas concretas estratéxicas e emerxentes da economía galega, o plan propónse crear un Centro de Excelencia no que se xeren dinámicas que apoién ás empresas para que desde a valorización do coñecemento, desde a innovación, a internacionalización e o reforzamento da súa capacidade para lograr recursos e fondos europeos, poidan emprender sendas de crecemento sustentable e desenvolver proxectos competitivos.

A Estratexia de Especialización Intelixente, RIS3, marca claramente a folia de ruta das prioridades que Galicia debe coidar para crecer e renovarse, competir no exterior e ser máis eficientes. Todo isto en liña co I2C e co mesmo obxectivo: A consecución dun maior desenvolvemento económico e social e a eficiencia nun novo contexto e tamén nun novo escenario da Política de Cohesión Comunitaria para o período 2014-2020.

Co obxectivo de crear un espazo prolífico para o crecemento orgánico das empresas, a partir de procesos de toma de decisión de calidade o PTG, S.A. en colaboración coa Axencia Galega de Innovación pon en marcha o primeiro programa do Centro de Excelencia para o Impulso do Crecemento Sustentable da Peme Innovadora Galega, Agrobiotech Innovación, para xerar dinámicas de apoio aos equipos directivos das empresas para que desde a valorización do coñecemento, desde a innovación, desde a internacionalización e o reforzamento das súas capacidades financeiras e de management, poidan emprender sendas de crecemento sustentable.

As actuacións do Centro de Excelencia da Peme Innovadora Galega teñen como obxectivo, a través de Programas de aceleración global outorgar ás Pemes participantes a mellora nas súas capacidades para:

- Mellorar a xestión empresarial e os modelos organizativos;
- Ampliar a comercialización de produtos ou servizos innovadores;
- Desenvolver novos produtos ou servizos con socios nacionais e internacionais nun marco de innovación aberta;
- Incrementar a capacidade de captación de financiamento privado e público europeo en H2020.

Entre as actuacións previstas no Centro, encóntranse:

Desenvolver cun total de 12 a 15 PEMES, un Programa de aceleración global da PEME innovadora Galega para a definición de estratexias que incrementen a capacitación na xestión empresarial e profesionalización organizativa que favoreza os obxectivos de consolidación, excelencia e internacionalización, ademais de ser panca para a captación de recursos humanos e económicos necesarios, tanto a nivel nacional como internacional, para incrementar o valor engadido da empresa innovadora galega.

Para isto elabóranse por parte de titores expertos "Itinerarios específicos" para cada Peme, logo da realización de diagnósticos estratéxicos internos de competitividade.

Cada "Itinerario específico" conterá diferentes actividades, que entre outras inclúen: mentoring, misións comerciais, capacitación profesional, asistencia a meetings, feiras, networking con stakeholders, funding, etc., combinando diferentes modelos : Master Class, workshops, conferencias con relatores de recoñecido prestixio nacional e internacional, etc.

Ademais desenvólvese un programa de capacitación transversal para todas as Pemes do

Centro de Excelencia, asociado aos obxectivos definidos e con certas actividades abertas ao resto de empresas dos sectores obxectivo da primeira edición do programa.

O Centro de Excelencia en sentido amplo está previsto que poida ampliar as súas capacidades e servizos tamén nun contorno virtual. Finalmente, é prioritario que teña carácter permanente e sustentable a medio e longo prazo.

3. Descrición do Servizo

O servizo a contratar inclúe os labores de Oficina Técnica encamiñadas a:

Realizar os labores de coordinación, xestión, seguimento e control para a posta en marcha e a realización da 1ª edición do “Programa Centro de Excelencia para o Impulso do Crecemento Sustentable da Peme Innovadora Galega: Agrobiotech Innovación”.

3.1. Actividades e tarefas asociadas ao servizo

O adxudicatario para o adecuado cumprimento do servizo obxecto da contratación deberá levar a cabo as seguintes tarefas:

3.1.1. Xestión das actividades do Programa do Centro de Excelencia da Peme Innovadora Galega

O adxudicatario responsabilizarase da dirección, coordinación e supervisión das accións de xestión vinculadas á primeira edición do Programa Centro de Excelencia para o Impulso do Crecemento Sustentable da Peme Innovadora Galega: Agrobiotech Innovación.

En concreto, encargarase de:

- Coordinar os axentes involucrados no proxecto. O adxudicatario asegurarse da coordinación dos colaboradores que participen na posta en marcha do Centro de Excelencia e do Programa para o impulso do crecemento sustentable da PEME innovadora Galega (Agrobiotech Innovación) en todas as súas fases.
- Manter e facilitar a interlocución con cada un dos participantes/beneficiarios, dando resposta ás necesidades manifestadas por estes ao longo do Programa.
- Colaborar coas diferentes organizacións intermedias e outros axentes involucrados no Programa para a súa adecuada execución.
- Planificar e executar as actuacións de soporte e seguimento das actividades que se desenvolvan no marco do Programa.

- Xestionar a dispoñibilidade dos espazos e recursos precisos para o desenvolvemento das actividades.
- Planificar e desenvolver as accións de comunicación asociadas ao Programa así como dos seus resultados dando a cobertura precisa.
- Diseñar e executar un Plan de Comunicación orientado a difundir as accións do Centro e do Programa e dinamizar a participación das empresas que participen no proxecto:
 - Establecendo o cronograma para a implementación das actuacións de difusión definidas cos recursos indicados para cada unha delas.
 - Incorporando os contidos de interese nos diferentes formatos da web do Centro de Excelencia e/ou do Programa.
 - Xestionando a súa presenza nas redes sociais e sendo dinamizador destas.
 - Xestionando as contas de correo electrónico específicas para o Centro de Excelencia e/ou Programa.
 - Dinamizar a participación das entidades beneficiarias nas distintas actividades asociadas ao Programa e nas que puidese poñer en marcha o Centro.
 - Desenvolvendo as accións que procedan para a súa difusión: Xerando noticias, notas de prensa, comunicados, etc.
 - Realizando a difusión do informe final do Programa que incluírá: indicadores de resultado, principais casos de éxito e as boas prácticas do proxecto.

3.1.2. Seguimento e Control das actividades asociadas ao Centro de Excelencia para o Impulso do Crecemento Sustentable da PEME innovadora Galega: Agrobiotech Innovación

O adxudicatario velará pola consecución dos obxectivos do Programa en tempo e forma, asegurándose do cumprimento dos prazos e da realización das accións previstas. O adxudicatario será responsable de:

- Vixiar o cumprimento das obrigas dos axentes externos contratados para a execución dos traballos de mentorización, titorización e formación asociados ao Centro e ao Programa.
- Actualizar periodicamente a planificación das actuacións en caso de posibles modificacións fundamentadas no marco do Programa.
- Xerar e actualizar periodicamente o cadro de mando cos indicadores operativos necesarios para coñecer o desenvolvemento do Programa.

- Elaborar o Informe de xestión de riscos: identificando os riscos na execución das actividades asociadas ao Programa e propoñendo accións correctoras incidindo na vixilancia no cumprimento de prazos.
- Diseñar un Plan de calidade que inclúa os procesos de xestión das incidencias e os compromisos nos tempos de resposta.
- Controis de asistencia nas distintas actividades do Programa.
- Elaborar as memorias de cada unha das actividades de desenvolvemento do Programa.
- Outras funcións que se poidan detectar no marco de coordinación de actividades e aseguramento da calidade do servizo.

3.1.3. Web do Centro de Excelencia para o Impulso do Crecemento Sustentable da Peme Innovadora Galega: Agrobiotech Innovación.

O adxudicatario deseñará e desenvolverá, en base aos criterios achegados polos promotores do proxecto (PTG, S.A. e a Axencia Galega de Innovación), unha ferramenta para dar visibilidade ás actividades e servizos que se desenvolverán no Centro de Excelencia e que sirva de soporte para o intercambio de contidos e seguimento das actividades do Programa de Agrobiotech Innovación. Será o responsable da posta en marcha e mantemento dun espazo de información, difusión e interacción accesible para os beneficiarios do Programa pero tamén para todos aqueles interesados neste, dispoñible ininterrompidamente.

O contido e funcionalidades mínimas deste portal web serán as seguintes:

- Presentación do Centro de Excelencia, indicando os obxectivos do Centro, os servizos prestados, os axentes e colaboradores implicados así como os beneficiarios das actividades e servizos a desenvolver.
- Habilitación dun calendario de actividades e actualización deste cos fitos e documentación relevantes (convocatorias, resolucións, etc.).
- Habilitación a través da web dunha intranet de acceso exclusivo para os beneficiarios e os autores/mentores e formadores do Programa cun repositorio para o intercambio documentación.
- Habilitación a través da web dunha canle de comunicación instantánea para os beneficiarios participantes nas actividades do Programa.
- Difusión de eventos e documentación de referencia: xornadas, conferencias, presentación, material de soporte, etc.

3.1.4. Servizo de Avaliación e Mellora Continua

No marco desta contratación o adxudicatario prestará e dotará ao PTG, S.A. dun Servizo de

Avaliación e Mellora Continua con carácter estratéxico orientado a garantir o aliñamento dos servizos prestados, as necesidades do contorno económico e as expectativas das iniciativas empresariais, así como para garantir a propia sustentabilidade do Centro de Excelencia. Como parte do servizo, o provedor realizará, entre outras, as seguintes tarefas:

- Avaliación dos resultados xerais obtidos. Levarase a cabo unha avaliación dos resultados das actividades do Programa de cara a analizar o impacto destas nas empresas participantes. Diseñárase un cadro de indicadores que permitirán que os resultados identifiquen o impacto do programa en cada unha das empresas respecto á súa actividade e en comparación coas empresas do seu sector.
- Análise do grao de satisfacción das empresas participantes. O adxudicatario deberá recoller e medir o grao de satisfacción das empresas participantes do Programa, para iso deberá ter desenvolto as seguintes accións:
 - Realizaranse enquisas a cada unha das empresas participantes no Programa de cara a avaliar a súa satisfacción e recoller a súa opinión sobre o alcance dos obxectivos conseguidos e a xestión do Programa.
 - Presentarase un informe cos resultados das enquisas de satisfacción co obxectivo de servir de base para unha reflexión e proposta de continuidade.

3.1.5. Asesoramento na identificación de oportunidades de mellora dos servizos prestados e captación de recursos para a sustentabilidade do Centro de Excelencia da Peme innovadora galega e futuros Programas

O adxudicatario prestará un servizo de asesoramento estratéxico para garantir a prestación de servizos excelentes ás empresas beneficiarias e promover a sustentabilidade do propio Centro nunha triple dirección:

- Asesoramento na identificación de oportunidades de cara a unha mellor prestación de servizos e definición dos posibles instrumentos que facilitaran o seu aproveitamento.
- Soporte na identificación de tendencias ou iniciativas singulares, así como socios colaboradores a nivel autonómico, nacional e sobre todo internacional para o lanzamento de iniciativas de ámbito estratéxico de cara á reformulación ou mellora dos servizos prestados no Centro.
- Asesoramento na definición de modelos e captación de recursos para o desenvolvemento e sustentabilidade do Centro que permitan que a súa actividade se desenvolva nos parámetros da alta calidade e excelencia.

4. Relación de entregables durante a prestación do servizo

- Páxina web do proxecto antes de que se cumpran dous meses desde a firma do contrato.
- Plan de comunicación.
- Reportar o avance dos traballos quincenalmente e poñer en común os seguintes pasos e puntos críticos ou de decisión. Xerar informes periódicos bimensuais sobre o servizo prestado (memoria descritiva de actuacións).
- Elaboración semanal de material para difusión das actividades desenvolvidas no marco do proxecto e a súa incorporación á web do proxecto.
- Relación dos recursos materiais empregados polos axentes participantes no Programa e que foron necesarios para o se desenvolvemento.
- Elaborar unha memoria final do proxecto sobre o servizo prestado constando de memoria descritiva por cada unha das actuacións ou eventos desenvolvidos onde se describan:
 - as actividades realizadas.
 - a relación nominativa do persoal participante en cada un dos Programas, Actuacións e Proxecto.
- Achegar un informe relativo á información descrita en todo o solicitado no apartado 3.1.5.

5. Planificación, dirección e seguimento da prestación de servizos

O Director do PTG, S.A., como responsable do contrato conforme ao sinalado na cláusula 26 do Prego de Cláusulas Particulares someterá os servizos ás inspeccións que considere oportunas para comprobar que é conforme ás condicións dos Pregos de Licitación e da oferta aceptada.

Corresponde á Dirección do PTG . supervisar e dirixir os servizos, propoñer as modificacións convenientes e, se é o caso, establecer a suspensión destes se existise causa suficientemente motivada.

Durante a execución das accións obxecto do contrato o adxudicatario comprométese, en todo momento, a facilitar á Dirección do PTG a información e documentación que esta solicite para dispoñer dun pleno coñecemento das circunstancias en que se desenvolven os servizos, así como dos eventuais problemas que poidan formularse na súa execución.

6. Requisitos

O adxudicatario deberá cumprir os seguintes requisitos e condicións prestacionais:

1. O adxudicatario disporá de cantos medios materiais, técnicos, sistemas de comunicación e de calquera outra índole resulten necesarios para garantir o normal desempeño do servizo.
2. As actuacións desenvolveranse en Galicia para o cal o adxudicatario deberá ter dispoñibilidade para estar vinculado ao lugar de realización dos traballos durante a execución do Proxecto. Nalgúns casos como o das actividades abertas, poderían desenvolverse noutras localizacións que facilite a súa realización ou que axuden a difundir as accións do Centro.
3. O adxudicatario deberá estar presente en todas as actividades e demais eventos que se organicen no ámbito do Centro de Excelencia e do Programa.
4. Designarase un director do Proxecto, con categoría de consultor senior, que actuará de interlocutor con PTG, S.A. que poderá, á súa vez, propoñer a substitución de parte do persoal asignado (debendo o persoal substituído reunir as capacidades, cualificación, aptitudes e experiencia profesional necesarias e idóneas para o desenvolvemento das actuacións encomendadas ao persoal que veñan a substituír), sempre que conte co visto e prace previo do PTG, S.A., en cuxo caso, o adxudicatario procederá a realizala sen que isto supoña custo adicional ningún.
5. O director do Proxecto deberá posuír experiencia de polo menos 10 anos na definición e/ou xestión de iniciativas ou programas de ámbito estratéxico para o emprendemento, o crecemento, a tecnoloxía ou a internacionalización. Deseño e desenvolvemento web, e en oficinas técnicas ou dirección de proxectos e programas no sector público.

En ningún caso a colaboración do adxudicatario suporá a concesión a este por parte de PTG, S.A. de facultades de representación para promover e/ou concluír operacións por conta e en nome da entidade.

O adxudicatario someterase ás pautas e directrices que no desenvolvemento da execución do contrato puidesen ditárselle, someténdose ás actuacións de supervisión e control por parte de PTG, S.A.

7. Medios humanos e técnicos

O licitador deberá incorporar no Modelo Organizativo contemplado na súa oferta información do equipo destinado á prestación de todos os servizos a ser prestados e fará constar os seguintes puntos:

- Funcións a realizar por cada un dos perfís profesionais no ámbito do servizo a prestar, atribucións básicas.
- Equipo inicial proposto e o seu perfil asociado.

Debe presentar polo menos para a adecuada prestación do servizo un equipo de traballo integrado por persoal especializado.

O adxudicatario deberá levar a cabo as súas tarefas mediante un equipo multidisciplinar, estable, con ampla experiencia na realización de proxectos similares ao ofertado. O equipo de traballo estará dirixido polo director de Proxecto (designado polo adxudicatario conforme a súa oferta) quen actuará como único interlocutor ante o Responsable do Contrato encia. designado polo PTG, S.A. conforme ao sinalado na cláusula 26 do Prego de Cláusulas Particulares O director de Proxecto actuará como responsable da elaboración e entrega dos traballos.

Deberase achegar documentación con información suficiente tanto do director de Proxecto como do equipo de traballo atendendo aos puntos anteriormente indicados que permita acreditar os seus coñecementos, experiencia e idoneidade para a prestación dos servizos descritos.

Todos os licitadores terán que acreditar o cumprimento dos recursos mínimos para a execución do contrato que se detallan a continuación:

7.1. Perfil director do Proxecto.

- Titulación superior, con polo menos 10 anos de experiencia en postos de dirección e xestión.
- Responsable da dirección e organización de servizos similares ao obxecto do contrato.

As actividades mínimas a desenvolver polo director do Proxecto incluírán:

- Ostentar a representación do equipo de traballo en relación Responsable do Contrato designado polo PTG, S.A..
- Dirixir representar e coordinar o equipo de traballo que prestará o servizo.
- Garantir que a prestación dos servizos se realizan nos prazos previstos, ou no seu caso demandados polo; responsable do Contrato

A dedicación mínima esixible ao proxecto será do 30%.

7.2. Perfil Equipo de traballo.

- **Consultor senior: Titulación superior con experiencia, de polo menos 10 anos, en servizos similares ao obxecto do contrato.**

Serán funcións a desenvolver polo menos as de:

- Interlocución directa con persoal técnico designado por PTG, S.A.;
- Soporte e asesoramento metodolóxico;
- Supervisión e elaboración de entregables definidos no proxecto:
 - ✓ Emisión de informes e mellora continua da calidade do servizo.
 - ✓ Emisión de informe indicando as medidas de control e acción necesarias coas desviacións do servizo así o requira.
- Todas aquelas correspondentes á boa marcha do servizo.
- **Consultor junior: Titulación superior con experiencia na definición de proxectos similares ao obxecto do presente contrato.**

Serán funcións a desenvolver polo menos as de:

- Interlocución directa con persoal técnico designado por PTG, S.A.
- Prestación de todos os servizos ofertados así como a de elaboración de entregables e documentación definida no proxecto.

A dedicación mínima esixible de cada un dos dous perfís do equipo de traballo ao proxecto será do 70%

Calquera modificación futura que o adxudicatario considere necesario levar a cabo na composición do equipo de traballo que presta o servizo deberá de ser proposta e xustificada perante PTG, S.A. (tanto das razóns da modificación como do seu alcance que, no caso de tratarse de substitución dalgún membro do equipo comprometido e adscrito ao contrato, o persoal substituto deberá reunir as capacidades, cualificación, aptitudes e experiencia profesional sinaladas con anterioridade e que resulten idóneas para o desenvolvemento das actuacións encomendadas ao persoal que veñan substituír), con carácter previo, á súa aplicación, que terá o dereito de rexeitar a proposta do adxudicatario.

PTG, S.A. resérvase o dereito a non aceptar a proposta de candidato ou a esixir o cambio dalgún membro do equipo do adxudicatario por consideralo inadecuado para a execución do servizo.